

Enquisa de Poboación Activa

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa de poboación activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración ente o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento.

Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

En 2021 reestruturouse o deseño da EPA para recoller paulatinamente un maior número de seccións censuais, diminuíndo o número de vivendas enquisadas por sección. Este cambio farase de xeito gradual durante tres anos desde o primeiro trimestre de 2021. O IGE pasará de recoller unha mostra de 234 seccións cunha media de 22 vivendas por sección, a 288 seccións con 13 vivendas a enquisar por sección, no primeiro trimestre de 2024.

2. Obxectivos e utilidades

A finalidade principal de EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a dar datos das principais categorías da poboación en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos e inactivos) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas.

3. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A enquisa está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares, é dicir, as utilizadas todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente.

Exclúense, por tanto, os aloxamentos colectivos como hospitais, hoteis, orfanatos, cuarteis, conventos, etc. Non obstante, si se inclúen as familias que, formando un grupo independente, residen nestes establecementos, como pode ocorrer cos directores dos centros, conserxeiros e porteiros.

Non toda a poboación que reside en colectivos resulta excluída, xa que os seus familiares proporcionan información sobre eles, como poden ser os enfermos en sanatorios, estudantes en internados, etc.

No caso particular de familias que utilizan dúas vivendas de maneira habitual (un dos cónxuxes, so ou con fillos, nunha das vivendas e o outro cónxuxe na outra por razóns de traballo, estudos, etc., ou familias completas utilizando dúas vivendas á vez e por tempadas) considérase como vivenda principal aquela que a propia familia recoñeza como tal. A outra vivenda considérase como secundaria.

Por último advertir que, no que respecta á delimitación do que se considera vivenda obxecto da enquisa ou enquisable, a denominación xenérica de vivenda familiar inclúe aquela na que os seus compoñentes non teñen vínculos familiares.

Cando unha vivenda sae seleccionada na mostra e considérase enquisable, segundo todo o exposto anteriormente, analízase o grupo humano que a habita.

As persoas que compoñen o grupo humano clasifícanse en enquisables ou non enquisables, de acordo cos criterios que se expoñen a continuación. O obxectivo fundamental destes criterios é evitar que unha persoa poida ser entrevistada en dúas vivendas.

A. Persoas presentes na vivenda

- Son provisionalmente enquisables

- Se é a súa residencia principal habitual.
- Se están en custodia compartida.
- Se están a temporadas cos fillos.
- Se son traballadores internos nesa vivenda.

- Non son enquisables

- Se están desprazados temporalmente por estudos.
- Se están desprazados temporalmente por traballo e non son traballadores internos nesa vivenda.
- Se están desprazados temporalmente por outros motivos distintos.

B. Persoas ausentes da vivenda

- Son provisionalmente enquisables

- Se están desprazados temporalmente por estudos.
- Se están desprazados temporalmente por traballo e non son traballadores internos noutra vivenda.

- Se están ausentes temporalmente por outros motivos distintos.

- **Non son enquisables**

- Se están en custodia compartida.

- Se están a temporadas cos fillos.

- Se a ausencia é definitiva.

Determinación do lugar onde se entrevistan as persoas para determinadas casuísticas:

1. Os traballadores internos dedicados ao servizo doméstico entrevístanse sempre na vivenda onde traballan. Non serán enquisables, polo tanto, nas súas vivendas familiares.

2. As persoas desprazadas temporalmente a outro lugar, tales como:

- enfermos en sanatorios

- persoas en viaxes de negocios ou de recreo

- pescadores no mar

- persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas, nacionais ou estranxeiras

- estudantes e traballadores desprazados temporalmente a outro municipio ou país

enquísanse sempre na vivenda familiar que ocupa o resto da familia.

Os estudantes e traballadores consideraranse desprazados temporais se, cando remate a causa pola que se desprazaron, pensan volver a reunirse co resto da familia. No caso de que non se coñeza esta circunstancia, serán non enquisables se levan ausentes máis dun ano.

3. As persoas en custodia compartida enquísanse sempre na vivenda na que están presentes no momento da entrevista.

4. As persoas que residen a temporadas cos fillos enquísanse sempre na vivenda na que están presentes no momento da entrevista.

A situación de presente ou ausente refírese á dominante na semana de referencia.

As persoas provisionalmente enquisables consideraranse (definitivamente) enquisables se teñen a nacionalidade española ou se sendo estranxeiros, non militares ou diplomáticos, a súa permanencia en España é ou vai ser igual ou superior a un ano.

Unha vivenda enquisable debe de ter polo menos unha persoa enquisable (presente ou ausente) de 16 ou máis anos.

Ámbito xeográfico

A EPA cobre todo o territorio nacional e proporciona información por comunidades autónomas e provincias con distinto grao de desagregación.

Ámbito temporal

Distínguense os seguintes períodos de referencia

1. Período de referencia dos resultados da enquisa. É o trimestre. As entrevistas están repartidas uniformemente ao longo deste período e os resultados que se obteñen refírense a unha semana media do trimestre.
2. Período de referencia da información. Como norma xeral é a semana anterior (de luns a domingo) á data na que se realiza a entrevista. As respostas ás preguntas irán, polo tanto, sempre expresadas en relación con esta semana. Non obstante, hai preguntas con períodos de referencia especiais tales como:
 - Os métodos de busca de emprego, as peculiaridades da xornada de traballo e as relativas a estudos en curso, refírense ás catro semanas anteriores ao domingo da semana de referencia.
 - A dispoñibilidade para traballar refírese ás dúas semanas seguintes ao domingo da semana de referencia.
 - A idade do entrevistado refírese á que tivera o último día (o domingo) da semana de referencia. O mesmo ocorre coa inscrición na oficina de emprego da administración.
 - A pregunta sobre se realizou algún traballo remunerado nalgún momento do ano pasado refírese ao ano anterior.
 - Nas preguntas sobre os estudos realizados que se incorporan como novidade nun módulo bienal a partir de 2021, utilízase como período de referencia o ano anterior á semana de referencia.

4. Definicións e aspectos metodolóxicos

As definicións están baseadas nas recomendacións da Organización Internacional do Traballo (OIT). Por outra parte, todas as características definidas están referidas ao concepto nacional e non ao interior, dado que non é posible recoller información da poboación que traballa en España e reside no estranxeiro, xa que a enquisa vai dirixida á poboación que reside en vivendas familiares.

Vivenda familiar principal

Considérase vivenda familiar principal a toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual dun ou máis fogares.

Fogar

Grupo de persoas que residen xuntas nunha vivenda, ou parte da vivenda, e comparten os ingresos ou os gastos do fogar. Considéranse gastos do fogar os relacionados coa vivenda (aluguer, cargas e seguros da vivenda) e outros gastos relacionados coa vida cotiá: alimentación roupa, produtos sanitarios, mobiliario, equipos e utensilios, desprazamentos do domicilio ao traballo, asistencia e seguros médicos, educación, ocio, actividades deportivas e vacacións.

Porén, no caso dos compañeiros que comparten piso ou casa, os requisitos simplifícanse e considérase que forman parte do mesmo fogar si, ademais de compartir os gastos fixos da vivenda (luz, auga, comunidade, etc.), comparten gastos de manutención (alimentos).

Poboación economicamente activa

É o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción a cambio de remuneración ou beneficio económico.

Nesta enquisa, por tanto, a poboación economicamente activa comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Poboación ocupada

Son as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.

Persoas con traballo por conta allea ou asalariados

Son persoas con traballo por conta allea ou asalariadas as que entren nas seguintes categorías:

- Traballando: persoas que durante a semana de referencia traballaron polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario ou outra forma de retribución, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar: persoas ausentes do seu emprego na semana de referencia pero que manteñen un estreito vínculo con el. A forza do vínculo determínase en función do período de ausencia e nalgún caso da percepción ou non de remuneración.

As persoas ausentes do traballo por enfermidade ou accidente, vacacións ou licenza de maternidade ou ter xornada de verán ou horario flexible, considéranse que teñen emprego.

As ausentes por ter contratos fixos discontinuos, por ser traballadores estacionais ou por estar esperando incorporase a un novo emprego, considéranse que teñen emprego nos períodos nos que exercen a súa actividade. O resto do tempo serán ocupados só se realizan regularmente algunha tarefa relacionada co seu emprego.

Os casos de excedencia por maternidade ou paternidade pagada considéranse como ocupados.

Os ausentes por outros motivos como por exemplo: mal tempo, paro parcial por razóns técnicas ou económicas, expediente de regulación de emprego, folga ou conflito laboral, razóns persoais ou responsabilidades familiares; serán ocupados no caso de que se reincorporen ao emprego nun prazo de tres meses desde o comezo da ausencia. De xeito excepcional, durante a pandemia COVID-19, considérase que as persoas ausentes do seu emprego por expediente de regulación temporal de emprego manteñen un vínculo forte co seu emprego se perciben unha prestación superior ao 50% do salario.

Os aprendices que recibiron unha retribución en metálico ou en especie e os estudantes que traballaron a cambio dunha remuneración a tempo completo ou parcial considéranse como asalariados.

Os membros activos das forzas armadas figuran tamén entre a poboación asalariada.

Non son asalariadas as seguintes persoas:

- Os empresarios e os traballadores independentes, aínda que estivesen contratados como asalariados na súa propia empresa.
- Os traballadores familiares non remunerados (axudas familiares) e os membros de cooperativas que traballen na cooperativa.
- As persoas ausentes do seu traballo, con licenza ou suspendidas que estean debilmente vinculadas ao seu emprego.
- Os traballadores estacionais, ocasionais ou discontinuos por conta allea na época de menor actividade que non traballasen na semana de referencia e que non realicen regularmente tarefas relacionadas co seu emprego.

Persoas cunha actividade por conta propia

Considéranse persoas cunha actividade por conta propia todas as incluídas nas seguintes categorías:

- Traballando: persoas que durante o período de referencia traballaron polo menos unha hora a cambio dun beneficio ou dunha ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar: persoas que durante o período de referencia tiñan que facer algún traballo a cambio dun beneficio ou ganancia familiar pero estiveron temporalmente ausentes por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, xornada de verán, horario variable, flexible ou similar. No caso de outras ausencias tales como festas, mal tempo ou outras razóns análogas, a duración da ausencia debe ser de tres meses ou menos.

Segundo esta definición, exercen unha actividade por conta propia: os empresarios, os traballadores independentes, os membros de cooperativas que traballan nelas e os traballadores familiares non remunerados (axudas familiares).

Non se consideran ocupadas por conta propia:

- As persoas que se ocupan do seu fogar sen remuneración, as que prestan servizos sociais non remunerados ou de carácter benéfico, etc.
- Os traballadores estacionais por conta propia e os traballadores estacionais u ocasionais familiares non remunerados na temporada de menor actividade que non traballaron na semana de referencia nin levaron a cabo regularmente actividades relacionadas co negocio estacional.

Poboación subempregada

Son subempregados por insuficiencia de horas os ocupados que desexan traballar máis horas, que están dispoñibles para traballalas ou que non poden deixar o seu emprego actual debido ao período de preaviso e cuxas horas efectivas traballadas na semana de referencia (no emprego principal e no secundario, se o tivese) son inferiores ás horas semanais que habitualmente traballan os ocupados a tempo completo da rama de actividade na que o subempregado ten o seu emprego principal.

Poboación parada ou desempregada

Considéranse paradas todas as persoas de 16 ou máis anos que reúnan simultaneamente as seguintes condicións:

- Estar sen traballo, é dicir, que non tivesen un emprego por conta allea nin por conta propia durante a semana de referencia.
- Estar buscando traballo, é dicir, que buscasen activamente un traballo por conta allea ou fixesen xestións para establecerse pola súa conta durante o mes anterior.
- Estar dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a traballar nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia.

Tamén se consideran paradas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e que non buscan emprego porque xa atoparon un ao que se van a incorporar nos próximos tres meses. Polo tanto, neste caso non se exige o criterio de busca efectiva de emprego.

As persoas ausentes do traballo que non se consideran ocupadas segundo o criterio anterior e que se van a reincorporar ao seu emprego despois de tres meses, son paradas si buscaron traballo e están dispoñibles para traballar.

Poboación inactiva

A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia. Distínguense as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, coidan sen remuneración os seus propios fogares.
- Estudantes: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben unha instrución sistemática en calquera grao de educación.
- Xubilados ou prexubilados: persoas que tiveron unha actividade económica anterior e que pola idade ou outras causas a abandonaron, e perciben unha pensión (ou uns ingresos de prexubilación) con motivo da súa actividade anterior.
- Persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación.
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, etc. (excluídas as que son axudas familiares).
- Incapacitados para traballar.
- Outra situación: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas as que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores, por exemplo as persoas que viven de rendas.

Activos potenciais

Poboación inactiva que está dispoñible para traballar pero non busca emprego. Exclúense os que non buscan emprego por estar xubilados, estar cursando estudos, por enfermidade ou por ter que coidar a persoas dependentes ou por ter outras responsabilidades persoais ou familiares.

Activos potenciais desanimados

Persoas sen traballo, dispoñibles para traballar nun período de dúas semanas e que non buscaron emprego nas catro últimas semanas porque non hai ningún emprego adecuado dispoñible.

Poboación contada a parte

Ata o cuarto trimestre de 2001, os homes que cumprían o servizo militar (ou servizo civil obrigatorio) considerábanse poboación contada aparte, isto é, non se incluían entre os activos nin entre os inactivos, independentemente de que na semana de referencia traballaran ou non. O 1 de xaneiro de 2002 suprimiuse o servizo militar obrigatorio, polo que dita categoría tamén desapareceu da enquisa.

Taxa de actividade

É o cociente, en porcentaxe, entre o número total de activos e a poboación de 16 e máis anos.

Taxa de paro

É o cociente, en porcentaxe, entre o número de parados e o de activos.


Taxa de ocupación

Representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación de 16 e máis anos.

Perceptores de ingresos

Son todas aquelas persoas que, na semana de referencia, percibiron algún tipo de ingreso económico. O concepto de ingreso económico inclúe tanto o salario, como os diferentes tipos de pensións (xubilación, prexubilación, discapacidade, ...) ou prestacións por desemprego.

Persoas de 16 e máis anos



5. Unidades de análise e mostraxe

Unidades de análise

Tómase como unidades de análise os fogares e as persoas que se atopan nas vivendas enquisadas.

Unidades de mostraxe

Considérase como unidade de mostraxe a vivenda familiar principal e como unidade última de mostraxe as persoas que residen nesa vivenda. A unidade primaria de mostraxe é a sección censual e a vivenda será a unidade de segunda etapa.

6. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

O tipo de mostraxe utilizado é bietápico con estratificación das unidades de primeira etapa, que están constituídas polas seccións censuais. A mostra de seccións permanece fixa no tempo, excepto cando se esgoten por ter visitado todas as vivendas enquisables, ou cando no proceso de actualización do seccionado algunhas seccións teñan que saír da mostra debido ao axuste das probabilidades de selección.

As unidades de segunda etapa están constituídas polas vivendas familiares principais e os aloxamentos fixos. Dentro das unidades de segunda etapa non se realiza submostraxe e recóllese información de todas as persoas que teñan a súa residencia habitual nestas vivendas.

Aínda que as seccións censuais permanecen fixas na mostra indefinidamente, as vivendas familiares renóvanse parcialmente cada trimestre para evitar o cansazo das familias.

A mostra total de seccións está dividida en seis grupos, denominados **quendas de rotación**, e cada trimestre renóvanse as seccións dunha determinada quenda. Así, unha vivenda permanece na mostra seis trimestres consecutivos. Unha vez pasados os seis trimestres as vivendas substitúense por outras da mesma sección.

As unidades de primeira etapa estratífanse atendendo a un dobre criterio:

- Criterio xeográfico (de estratificación): as seccións agrúpanse en estratos dentro de cada provincia segundo o tamaño do municipio ao que pertencen, medido en termos de poboación.
- Criterio socioeconómico (de subestratificación): as seccións censuais agrúpanse en subestratos dentro de cada un dos estratos segundo as características socioeconómicas.

Os estratos teóricos considerados responden aos seguintes tamaños:

- Estrato 0: Municipios de 500.000 habitantes ou máis.
- Estrato 1: Municipios capital de provincia con menos de 500.000 habitantes.
- Estrato 2: Municipios con máis de 100.000 habitantes, excepto os anteriores.
- Estrato 3: Municipios de 50.000 a 100.000 habitantes, excepto os anteriores.
- Estrato 4: Municipios de 20.000 a 50.000 habitantes, excepto os anteriores.
- Estrato 5: Municipios de 10.000 a 20.000 habitantes.

- Estrato 6: Municipios con menos de 10.000 habitantes.

No proceso de formación dos subestratos, dentro de cada estrato consideráronse dous grupos de seccións:

- Seccións do estrato 6: asígnase como subestrato a comarca
- Resto das seccións: as seccións agrúpanse dentro dos estratos aplicando técnicas de análise de conglomerados. As variables auxiliares utilizadas, a nivel de sección, foron a renda total por vivenda con perceptores e as porcentaxes de: parados; inactivos; ocupados; estranxeiros; persoas entre 0 e 19 anos; persoas entre 15 e 24 anos; persoas de 65 ou máis anos; persoas analfabetas, sen estudos ou nivel de estudos de primeiro grado; persoas coa ESO, EXB, bacharelato ou FP; e persoas con estudos universitarios.

Cada unha das seccións da mostra visítase nunha das 13 semanas do trimestre. A distribución da mostra é uniforme no tempo, o que equivale a que en cada provincia o número de seccións por semana é constante.

Ademais procurouse que a distribución de seccións mostrais por provincia, estrato e semana sexa homoxéneo, igual que por provincia, quenda de rotación e semana.

Tamaño da mostra

Ata o cuarto trimestre de 2020 no total de Galicia seleccionábanse un total de 468 seccións. O IGE recollía a información de 234 destas seccións e o INE as outras 234. Tras o cambio de seccionado, no primeiro trimestre de 2024 o número de seccións será de 576, das cales o IGE recollerá 288. O número de vivendas seleccionadas por sección será igual a 13.

Selección da mostra

A selección da mostra realizouse de xeito que dentro de cada estrato calquera vivenda familiar teña a mesma probabilidade de ser seleccionada. As unidades de primeira etapa (seccións censuais) selecciónanse con probabilidade proporcional ao número de vivendas familiares principais. Dentro de cada sección seleccionada na primeira etapa, selecciónase un número fixo de vivendas familiares con igual probabilidade mediante a aplicación de mostraxe sistemática con arranque aleatorio.

Estimadores

Utilízanse estimadores de razón aos que se lles aplican técnicas de reponderación para axustar as estimacións da enquisa á información procedente de fontes externas. Desde o ano 2021, no proceso de calibrado da EPA utilízanse as seguintes variables auxiliares, en función do nivel de desagregación xeográfica:

- Provincia:

- Poboación por grupos de idade (de 0 a 14 anos, de 15 a 29 anos, de 30 a 49 anos e de 50 ou máis anos) e o sexo.
- Comunidade autónoma
 - Poboación por grupos quinquenais de idade e sexo.
 - Poboación de 15 ou máis anos, por nacionalidade española ou estranxeira.
 - Fogares por tamaño (1, 2, 3, 4 e 5 ou máis).

7. Recollida da información

Método de recollida

Ata marzo de 2020 o método de entrevista utilizado era a entrevista persoal asistida mediante un ordenador portátil (método CAPI: Computer Assisted Personal Interviewing) para as vivendas que entraban novas na mostra e entrevista telefónica para as sucesivas entrevistas; estas entrevistas telefónicas realizábanse desde os centros CATI (Computer Assisted Telephone Interviewing).

Actualmente as primeiras entrevistas realízanse por teléfono e visitanse presencialmente as vivendas para as que non existe teléfono ou non foi posible contactar por ese medio. Ademais utilízase o canal CAWI (Computer Assisted Web Interviewing) de xeito residual, para os fogares que soliciten cubri-lo por esa vía.

Cuestionario

O cuestionario da EPA consta dunha contraportada na que se determinan as persoas da vivenda que se deben entrevistar e tantos cuestionarios individuais como persoas resulten enquisables, sendo diferente o cuestionario dos menores de 16 anos do das persoas de 16 e máis anos. O cuestionario de menores de 16 anos consta dunha serie de preguntas de carácter xeral mentres que para as persoas de 16 ou máis anos recóllese información relativa a:

- A. **Datos xerais**, que se utilizan, xunto cos datos da contraportada, para tabular as principais variables do mercado laboral segundo determinadas características (idade, sexo, lugar de nacemento, etc.).
- B. **Relación coa actividade económica**, supón o núcleo vital da enquisa; en función das respostas dadas as preguntas deste apartado realízase a clasificación fundamental das persoas como ocupadas ou non. Os demais serán parados ou inactivos segundo as súas respostas ao resto do cuestionario.
- C. **Características do emprego**, no que se investigan as características principais do posto de traballo das persoas ocupadas (ocupación, actividade do establecemento, situación profesional, etc.), fanse preguntas comúns a todos os ocupados (data de comezo na empresa, ubicación do establecemento, número de persoas que traballan nel, tipo de xornada, horas habituais e efectivas, ...) e outras específicas para os asalariados (tipo de

contrato, duración do mesmo...). Fanse tamén preguntas sobre o emprego secundario, se o hai, e polo desexo de traballar máis horas e a dispoñibilidade para facelo, o que permite clasificar como subempregados ou non aos ocupados.

- D. **Busca de emprego**, preguntas encamiñadas a poder clasificar ás persoas non ocupadas como paradas ou inactivas.
- E. **Experiencia profesional**, ás persoas que actualmente non son ocupadas pregúntaselles polas características fundamentais do último emprego, se é que traballaron anteriormente.
- F. **Ensino e formación**, utilízase para analizar como afecta o nivel de estudos e a formación á relación co mercado laboral.
- G. **Inscripción na oficina de emprego pública**, investiga a situación do entrevistado en relación coas oficinas públicas de emprego.
- H. **Situacións diversas**, clasifícanse as persoas segundo varias situacións (estudantes, xubilados, etc.). Esta clasificación é útil sobre todo no caso dos inactivos.
- I. **Traballo o ano anterior**, a única pregunta deste apartado realízase no primeiro trimestre de cada ano e o seu obxectivo é estimar unha medida da rotación que se produce no mercado laboral ao longo do ano.

8. Presentación de resultados

A información obtida da EPA para Galicia publícase na páxina web do IGE con periodicidade trimestral. Nesta páxina web pódese consultar a seguinte información:

- Principais resultados
- Resultados detallados. Neste apartado pódese consultar unha explotación detallada da EPA con datos desde o terceiro trimestre de 2009. A información está agrupada en oito apartados:
 - o Poboación de 16 ou máis anos
 - o Poboación activa
 - o Poboación ocupada
 - o Poboación parada
 - o Poboación inactiva
 - o Fogares
 - o Poboación xuvenil
 - o Grandes concellos

Resumo dos cambios na EPA en 2021

En 2021 a EPA adaptouse á nova normativa europea que regula as enquisas dirixidas á poboación e, en particular, a Enquisa de Forza do Traballo:

- Regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de outubro de 2019.
- Regulamento de execución (UE) 2019/2240 da Comisión do 16 de decembro de 2019.
- Regulamento de execución (UE) 2019/2241 da Comisión do 16 de decembro de 2019.
- Regulamento de execución (UE) 2019/2181 da Comisión do 16 de decembro de 2019.
- Regulamento de execución (UE) 2020/256 da Comisión do 16 de decembro de 2019.
- Regulamento de execución (UE) 2020/257 da Comisión do 16 de decembro de 2019.

Moitos dos requisitos que a nova regulamentación europea impón con carácter obrigatorio a partir de 2021 xa se viñan cumprindo desde fai tempo na EPA.

A continuación ofrécese un resumo dos cambios que se introduciron na enquisa en 2021.

Definición de fogar

A partir de 2021, o fogar determínase non solo pola residencia común senón tamén por compartir gastos xerais e orzamento. A partir deste ano nunha mesma vivenda pódense atopar na EPA máis dun fogar.

Ampliación da información da poboación de 15 anos

A idade mínima para traballar establecida na lexislación de España é de 16 anos pero no ámbito estatístico europeo, o limiar mínimo de idade fíxase nos 15 anos.

Na EPA séguese a recoller as preguntas sobre a relación coa actividade para as persoas de 16 e máis anos, e considérase a poboación de 15 anos fóra do mercado de traballo e estudando. A partir de 2021, para poder proporcionar información exixida na Enquisa de Forza do Traballo, pregúntase a este colectivo polos apartados de educación e outros de periodicidade anual, bienal ou plurianual que resulten relevantes (estado de saúde, razóns para migrar , etc.)

Obtención de determinada información directamente por enquisa

Todas as preguntas dirixidas a determinar a situación de actividade dos entrevistados (ocupación, paro e inactividade) teñen que obterse por entrevista directa; non se pode utilizar información administrativa.

O tratamento da falta de resposta tamén se ve afectado por este requisito. Déixase de imputar a información recollida na entrevista do trimestre anterior para os fogares nos que non se pode obter información.

Novos criterios de precisión

Establécense novos criterios de precisión para a estimación das taxas de paro e de emprego da poboación de 15 a 74 anos e para a taxa de paro do mesmo grupo de poboación por comunidades autónomas.

Optouse por reestruturar o deseño da EPA para cubrir un maior número de seccións censuais, diminuíndo o número de vivendas enquisadas por sección. En 2020 o número de seccións da mostra da EPA en Galicia era 468 cunha media de 22 vivendas teóricas a enquisar por sección e no primeiro trimestre de 2024 o número de seccións será 576 con 13 vivendas a enquisar por sección.

Cálculo dos factores de elevación

A partir de 2021 todos os membros do fogar teñen que ter o mesmo factor de elevación. Ata 2020 tiñan o mesmo factor de elevación as persoas de 16 ou máis anos do fogar pero os menores de 16, non.

Cambio de estratos e marco

Defínense sete estratos por provincia, no canto dos nove fixados ata 2020 e pasa a utilizarse o Marco de Direccións Xeorreferenciadas do INE como directorio para a extracción da mostra.

Realización de entrevistas telefónicas en primeira visita e introdución do canal CAWI

As primeiras entrevistas pasan a realizarse por teléfono e vísitanse persoalmente as vivendas para as que non hai teléfono ou non fose posible contactar por este medio. Tamén se utilizará o canal CAWI excepcionalmente para os fogares que o soliciten.

Posibilidade de diminuír a carga de resposta a determinados grupos de poboación

A partir de 2021 simplifícase a recollida de información en sucesivas entrevistas de determinados colectivos de persoas en idade avanzada ou con discapacidade. Estes colectivos son:

- Persoas de 70 a 74 anos que no trimestre anterior resultaron inactivos: de 2ª a 5ª entrevista só se comproba se a persoa é enquisable e establécense as relación de parentesco.
- Persoas de 75 a 89 anos: de 2ª a 5ª entrevista só se comproba se a persoa é enquisable e establécense as relación de parentesco.
- Persoas de 90 e máis anos: de 2ª a 6ª entrevista só se comproba se a persoa é enquisable e establécense as relación de parentesco.
- Persoas con incapacidade para traballar que no trimestre anterior resultaron inactivas: de 2ª a 5ª entrevista unicamente se comproba se a persoa é enquisable e establécense as relación de parentesco.

Novo tratamento de certas ausencias do emprego

En 2021, as persoas ausentes do seu emprego por excedencia parental por coidado de fillos serán considerados ocupados si reciben ingresos pola relación laboral. En caso contrario, aplicarase o criterio de duración total da ausencia. Se a ausencia é superior a tres meses consideraranse como non ocupados e se é de ata 3 meses serán ocupados.

Os traballadores estacionais fóra do período de actividade serán ocupados se continúan realizando tarefas asociadas á súa actividade para manter o negocio en temporada baixa. Entre estas actividades non se consideran as tarefas meramente administrativas.

As ausencias do emprego para recibir formación relacionada co traballo considéranse como ocupación.

Para outras razóns de ausencia completa do emprego durante a semana de referencia da enquisa aplícase, como norma xeral, o criterio de duración: serán ocupados se a duración total da ausencia é como máximo de tres meses ou non ocupados se é maior de tres meses.

Axudas familiares

Elimínase a exigencia de que a persoa que traballa como axuda familiar conviva co propietario do negocio.

Caracterización da busca de emprego activa

Foi necesario cambiar as preguntas de busca de emprego para adaptarse aos novos requirimentos da Enquisa de Forza de Traballo.

A partir de 2021 na EPA pregúntase ata tres métodos de busca que se respondan de xeito afirmativo. Previamente realízase unha ordenación aleatoria para a aparición dos métodos de busca. Segundo un estudo piloto realizado polo INE, a caracterización da busca activa e do paro non se ve afectada, pero si se producen rupturas nas series dos métodos concretos de busca de emprego utilizados.

Cambios no contido da enquisa

A. Novas variables

- Información sobre antecedentes migratorios e nacionalidade dos pais.
- Tempo de ausencia parcial no emprego na semana de referencia por: vacacións, permisos, días festivos, enfermidade e outras razóns.
- Experiencia profesional exixida para acadar o nivel de estudos.
- Educación e formación no último ano (periodicidade bienal).
- Realización de actividades fóra da temporada relacionadas co emprego estacional.
- Condicións de traballo e caracterización de contratistas dependentes: número e importancia de clientes e decisión sobre o comezo e fin da xornada laboral.
- Método máis efectivo para atopar o emprego actual.

- Horas habituais do segundo emprego.
- Variables do módulo europeo de saúde (periodicidade bienal).

B. Adaptación de variables existentes e cambio de periodicidades

C. Variables que desaparecen. Para poder incluír as novas variables e manter a carga de resposta deixarán de recollese algunhas variables tales como:

- Modo no que traballaría máis horas.
- Razón pola diferenza de horas efectivas e habituais.
- Tipo de xornada (continuada ou partida).
- Razóns para buscar outro emprego.
- Sector dos estudos regrados cursado.
- Nivel de estudos da formación non regrada cursada.
- Sector de estudos da formación non regrada cursada.
- Total de horas de estudos non regrados nas últimas catro semanas.